

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE** / **OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **75 minutos**.
- Debe realizar **TODAS** las tareas.
- Debe escribir sus respuestas en **la hoja de respuestas (reverso de esta página)**.
- Sólo se admiten respuestas escritas con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20


P
R
U
E
B
A

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1	Plástico. Un problema de fondo sen alternativa/ 7 puntos
-----------------	---	------------------------

0	<i>Cómpre concienciarse de que é preciso mercar produtos e envases que se poidan empregar en máis dunha ocasión.</i>	V	
1	É innegable que o plástico posúe características que resultan moi prácticas á hora do seu uso.		
2	Empregar envases de vidro, papel, cartón ou tecidos na vida cotiá vai garantir sempre unha maior sostibilidade do medio.		
3	Os materiais contaminantes producen os mesmos efectos nunhas zonas do planeta ca noutras.		
4	Débese evitar o consumo de papel, porque para a súa produción utilízase moita auga e os terreos sempre quedan ermos.		
5	Hai certos metais que se poden empregar, pero temos que ter coidado con eles porque nos poden facer dano no estómago.		
6	Ao ser incinerada, a silicona xera gases de efecto invernadoiro, igual ca o plástico; polo tanto, tanto ten empregar unha opción coma a outra.		
7	Os utensilios de silicona resultan máis hixiénicos ca outros.		

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020


TAREFA 2	A árbore das tres laranxas/ 6 puntos
-----------------	-----------------------------------	------------------------

Palabras para escoller	
andaina	maxín
borralla	nespra
devezo	ningures
descarreirado	penouco
enrabechada	piques
faciana	rodela
machada	sfraxe
mato	velliña

Resultado		Corrección
0	velliña	
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA 3	Balnearios/ 7 puntos
-----------------	-------------------	------------------------

	Que balneario...	A	B	C	D	E	F	Correc- ción
0	<i>contaba cun oratorio entre as súas instalacións?</i>	X						
1	é un dos máis visitados?							
2	estaba preto dunha vía romana?							
3	foi anovado a finais do século XX?							
4	foi asolado na segunda metade da década dos 70?							
5	foi inaugurado no século XX, despois de que sufrise unha anegamento?							
6	foi o último en anovarse?							
7	se modificou con distintos materiais?							

PARTE 1.^a DA COMPREENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Indique, riscando cun X, se as seguintes aseveracións referidas ao texto son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0. Poña a solución na folla de respostas. 1 punto cada ítem. Puntuación total: / 7

Plástico: un problema de fondo sen alternativa perfecta

Unha das grandes crises ambientais da actualidade é a inxente cantidade de plástico que inunda mares e océanos.

Temos un problema: estamos enchendo os océanos de plástico. A solución pasa, entón, por empregar outros materiais? Sempre que sexa posible, é preferible evitar directamente o consumo de produtos ou envases dun só uso e intentar decantarse por opcións reutilizables.

Pero nalgúns casos, como os produtos con alérxenos (o apio, por exemplo), o envase é necesario para evitar a contaminación cruzada. Os plásticos teñen unhas características, como a súa lixeireza, transparencia e moldeabilidade, que potenciaron a súa aplicación en moitos usos, entre eles os envases. Con todo, desenvolvéronse outros materiais alternativos: vidro, papel, cartón, tea..., aínda que non son necesariamente máis sostibles. Cada caso requiriría unha análise pormenorizada que valorase os seus riscos e os seus beneficios, así como unha mirada contextual que teña en conta a situación ambiental dos lugares nos que vaia xerar algún impacto, con especial detemento nos aspectos ambientais máis críticos de cada zona á que lle vai afectar.

Europa xa aprobou a chamada Directiva de plásticos, que prohíbe, a partir do 1 de xaneiro de 2021, a venda de artigos de plástico dun só uso, coma cubertos e pratos de usar e tirar, bastonetes, bolsas e, como non, as pallas. Ante a entrada en vigor desta normativa, os fabricantes prepáranse e formulan alternativas. Uns, por exemplo, apostan pola celulosa, pero ten os seus inconvenientes: segue sendo dun só uso e tenden a desfacerse se permanecen moito tempo en contacto coa bebida.

O papel e o cartón, ademais, requiren unha enorme cantidade de auga, tanto para a súa fabricación como para a súa reciclaxe. Segundo a UNESCO, para producir unha folla de papel A4 gástanse 10 litros de auga. Ademais, a produción destes materiais implica, algunhas veces, un proceso de deforestación que, entendido de forma masiva, podería ser inasumible. Por iso, á hora de elixir estes materiais hai que fixarse nalgunhas certificacións como o selo Forestry Stewardship Council (FSC), que garante que a materia prima provén de plantacións forestais onde as árbores nativas se replantan como parte do proceso.

Outra opción é o metal. Existen varios tipos e moitos deles son perfectamente viables para un uso alimentario. Pero entraña riscos de seguridade, xa que se pode cravar no padal. E, para rematar, a silicona. É un polímero de silicio flexible que se pode reutilizar moitas máis veces que calquera plástico, é fácil de reciclar e a súa eliminación por incineración non xera compostos tóxicos (aínda

que o príncipe non era quen de comprender. Guiándose por aquelas voces, foi dar a unha fonte que manaba dun grandísimo (6) [REDACTED] e alí puido ver unha moura que, proferindo berros espantosos, estaba a desfacer unha cruz a broscadas.

O príncipe foise cara a ela e arrincoulle a (7) [REDACTED] das mans, recriminándolle con enerxía o que estaba a facer. A moura, moi (8) [REDACTED], cravou nel unha ollada furibunda e maldiciuno:

—Ogallá vaias dar á árbore das tres laranxas!

O fillo do rei seguiu a súa peregrinaxe na procura das tres Marías do amor, pero agora non daba apartado do pensamento a maldición daquela moura e no seu (9) [REDACTED] non paraba de lle dar voltas a aquela misteriosa árbore das tres laranxas.

Non dixemos aínda que o príncipe ía dacabalo dun fermoso faco chamado Pensamento, e os dous seguiron mundo adiante preguntando en todas cantas portas había polas tres enigmáticas Marías do amor. Ninguén, en (10) [REDACTED], lles soubo dar ningunha razón. Xa estaba o príncipe a (11) [REDACTED] de desesperar e abandonar aquela quimera, cando unha noitiña chegaron ó carón da Casa das Estrelas. Petou o príncipe na porta e saíulle unha velliña, tan velliísima que aínda era máis vella có tempo. Tiña o cabelo moi branco e a súa (12) [REDACTED] era un verdadeiro mapa de engurras.

Adaptación dun conto de tradición oral recollido na *Antoloxía do conto de tradición oral* publicado por La Voz de Galicia (Biblioteca 120)

PARTE 3.^a DA COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

TAREFA. Risque cun X o recadro do texto (A, B, C, D, E ou F) no que se atopa a resposta a cada unha das preguntas formuladas, como no exemplo 0.

Cada pregunta ten a súa resposta nun único texto. As respostas deben basearse unicamente na información contida nos textos. **Poña a solución na táboa de respostas.**

1 punto cada ítem. Puntuación total: / 7

Balnearios

A	Balneario de Carballo
	En 1716 realízanse as escavacións nas que aparece o manancial e unha pía das antigas caldas romanas. Cara a finais de século constrúense uns pequenos edificios para o aproveitamento médico das augas. En 1928 son declaradas de utilidade pública, contando con fonda e capela. Sobre a antiga casa de baños eríxese en 1986 o hotel-balneario, un edificio con cinco plantas e semisoto, onde se atopa a zona termal. En 2005 o balneario renóvase con modernas instalacións que combinan mármore, aceiro e cristal.

B	Hotel balneario de Compostela (Brión)
	As orixes do manancial de Nosa Señora dos Anxos remóntanse con toda probabilidade á época romana, xa que por estas terras pasaba a <i>via cessum</i> . As primeiras referencias históricas da utilización destas augas datan de 1813 e en 1928 recibiron a consideración de Augas Mineiromedicinais de Utilidade Pública. O balneario de Compostela é unha edificación contemporánea de granito, proxectada a finais do século XX polo arquitecto César Portela.
C	Oca Augas Santas Balneario & Golf Resort (Pantón)
	O Hotel Balneario Augas Santas Golf inaugurouse en 2006. Está construído nas proximidades do antigo balneario, fundado a mediados do XIX. Durante moito tempo, as virtudes curativas das súas augas sulfuradas atraeron a visitantes chegados de distintos puntos de España, Portugal ou Francia. A decadencia que experimentaron aqueles antigos establecementos no século XX non perdoou ao de Pantón, que deixou de funcionar a mediados dos anos cincuenta. As construcións abandonadas foron ademais destruídas por un incendio a finais dos setenta. Non obstante, o antigo estanque do balneario seguiu sendo moi visitado polos veciños da zona, que sempre apreciaron as augas que alí brotan. As ruínas do vello balneario consérvanse xunto ás modernas instalacións como testemuño dunha tradición que hoxe se pretende recuperar e potenciar utilizando recursos propios do século XXI.
D	Arnoia Caldaria hotel Balneario
	Nesta zona localizábanse as Augas de Reza, un manancial utilizado historicamente polos agricultores e veciños do lugar. Coa construción do encoro de Frieira o manancial quedou asolagado. A principios dos anos 90 a Fundación San Rosendo de Cáritas Diocesanas construíu un moderno complexo hoteleiro-termal-xeriátrico, que se inaugurou en 1995. Trátase dun edificio moderno realizado con perpiaños de granito e coa fachada principal mirando ao río.
E	Balneario Lais Caldaria Hotel Balneario (Cenlle)
	Na zona aprécianse restos de baños romanos. O uso destas augas mineromedicinais prolongouse ata a Idade Media. A principios do século XX construíuse un balneario que quedou asolagado polo encoro de Castrelo de Miño. O balneario actual, inaugurado en 2001, é unha edificación totalmente acristalada, inspirada no voo dunha gaivota, obra de Chaos e Garaizabal.
F	Gran Balneario do Carballiño
	É, dende o ano 1816, un dos balnearios máis concorridos de España, debido ao auxe que as súas augas foron adquirindo ao longo da historia. O edificio, de pedra, é unha magnífica construción dunha soa planta de máis de 50 metros de lonxitude. En 1898, coa desamortización de Mendizábal, pasou a mans do concello. Dous anos máis tarde inaugurouse o actual edificio. O balneario foi obxecto dunha importante remodelación en 1993. Dispón dunhas modernas instalacións, aínda que mantén o encanto dun balneario histórico.

Textos tirados da páxina web <http://balneariosdegalicia.gal>

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1	Plástico. Un problema de fondo sen alternativa perfecta/ 7 puntos
-----------------	--	------------------------

0	<i>Cómpre concienciarse de que é preciso mercar produtos e envases que se poidan empregar en máis dunha ocasión.</i>	V
1	É innegable que o plástico posúe características que resultan moi prácticas á hora do seu uso.	V
2	Empregar envases de vidro, papel, cartón ou tecidos na vida cotiá vai garantir sempre unha maior sostibilidade do medio.	F
3	Os materiais contaminantes producen os mesmos efectos nunhas zonas do planeta ca noutras.	F
4	Débese evitar o consumo de papel, porque para a súa produción utilízase moita auga e os terreos sempre quedan ermos.	V
5	Hai certos metais que se poden empregar, pero temos que ter coidado con eles porque nos poden facer dano no estómago.	F
6	Ao ser incinerada, a silicona xera gases de efecto invernadoiro, igual ca o plástico; polo tanto, tanto ten empregar unha opción coma a outra.	F
7	Os utensilios de silicona resultan máis hixiénicos ca outros.	V

TAREFA 2	A árbore das tres laranxas/ 6 puntos
-----------------	-----------------------------------	------------------------

0	velliña
1	rodela
2	devezo
3	andaina
4	descarreirado
5	mato
6	penouco
7	machada
8	enrabechada
9	maxín
10	ningures
11	piques
12	faciana

TAREFA 3**Balnearios****...../ 7 puntos**

	Que balneario...	A	B	C	D	E	F
0	<i>contaba cun oratorio entre as súas instalacións?</i>	X					
1	é un dos máis visitados?						X
2	estaba preto dunha vía romana?		X				
3	foi anovado a finais do século XX?						X
4	foi asolado na segunda metade da década dos 70?			X			
5	foi inaugurado no século XX, despois de que sufrise unha anegamento?				X		
6	foi o último en anovarse?			X			
7	se modificou con distintos materiais?	X					

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORALES

P
R
U
E
B
A

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE / OFICIAL:**

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **máximo 40 minutos**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Sólo se admiten respuestas escritas con **bolígrafo azul o negro**.
- Cada tarea se escuchará **dos veces**.
- Para cada una, el procedimiento será el siguiente:
 - **dos minutos** para leer el enunciado y la tarea
 - **primera escucha** del documento **un minuto** para responder
 - **segunda escucha** del documento **dos minutos** para revisar las respuestas y anotarlas en la **hoja de respuestas** (reverso de esta página)
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020
FOLLA DE RESPOSTAS

TAREFA 1.ª DA COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

CONTEXTO. A continuación vostede vai escoitar unha reportaxe sobre a celebración dun desfile temático sobre a película **A Guerra das Galaxias**.

TAREFA. Conteste se as seguintes aseveracións formuladas sobre o documento sonoro se son verdadeiras (V) ou falsas (F), como no exemplo 0.

PUNTUACIÓN: 1 punto cada ítem. Total...../8

0	As tropas imperiais desfilarán na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.	F	<input checked="" type="checkbox"/>
1	Os organizadores decidiron facer o desfile sobre todo porque ese ano non se celebraba o xubileu e porque se cumprían 30 anos da Guerra das Galaxias.		
2	O director do filme, George Lucas, ficou abraiado coa idea de organizar o desfile en Santiago de Compostela.		
3	Os participantes resolveron fabricar eles mesmos as armaduras e traxes por non os atopar á venda facilmente.		
4	A maioría dos materiais empregados na elaboración do disface si que se atopan doadamente en calquera ferraxaría.		
5	As armas dos participantes no desfile aseméllanse moito ás orixinais dos personaxes do filme.		
6	Un grupo de soldados imperiais acompañado duns gaiteiros interpretará o himno galego pola zona vella da cidade.		
7	A inscrición é de balde para os personaxes inspirados nos filmes da Guerra das Galaxias.		
8	Os uniformes de oficial imperial son máis sinxelos de facer.		

TAREFA 2.ª DA COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

CONTEXTO. Vostede vai escoitar un relato contado por Isidro Novo titulado "A rosa da cunca".

TAREFA. Escolla a opción correcta, das tres achegadas, para cada unha das cuestións formuladas sobre o documento sonoro, como no exemplo 0.

PUNTUACIÓN: 1 punto cada ítem. Total...../7

0. Os homes que entran na taberna ...

A. piden catro cuncas de viño, desas tan comúns que hai hogano.

B. piden catro cuncas de viño albariño.

C. piden catro cuncas que son quen de albergar medio litro de viño.



CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

1. Os bebedores de viño métenlle uns tacos de xamón polo medio para ...

- A. que non lles faga mal no estómago.
- B. matar a fame que tiñan.
- C. non lle facer un feo ao camareiro que llelos trouxo.

2. Despois de beberen e comeren ...

- A. paráronse a falar sobre o estado das tabernas na actualidade.
- B. xogaron e falaron de cousas do ánimo e da razón.
- C. parrafearon de cousas sen importancia.

3. Mirando o fondo de cadansúa cunca danse conta de que ...

- A. Calín e Xusto tiñan unha rosa e os outros dous unha flor máxica.
- B. Calín e Xusto tiñan unha rosa e os outros dous non tiñan ningunha.
- C. Calín tiña unha rosa, Xusto tiña outra, que se parecía a un rosetón, e os outros dous, unha flor máxica.

4. O señor que se lles achega a interpretar o fondelo da cunca di que ...

- A. o feito de aparecer a rosa adoita presaxiar sempre algo favorable.
- B. se non aparece, nunca lles vai ocorrer nada importante, nin bo nin malo.
- C. o feito de aparecer a rosa non ten por que ser síntoma de boa sorte e o de non aparecer é que pasará algo importante proximamente.

5. O home que interpreta os fondelos das cuncas prognostícalles que ...

- A. Calín terá problemas cos ósos e que Xusto recibirá cartos.
- B. Calín terá un problema de osamenta e que Xusto terá que ingresar cartos.
- C. Calín terá un problema de osamenta e que Xusto lle terá que dar cartos aos outros tres.

6. O home que interpreta os fondelos das cuncas, ante as risas dos que o escoitan, ...

- A. non se dá por ofendido e convídaos a outros viños.
- B. agora, a segunda vez, non se ofende como a primeira vez que se riron del.
- C. non se ofende e toma algo con eles.

7. Despois daquel suceso, o narrador ...

- A. investigou arreo sobre mancias e non atopou nada sobre a arte de adiviñar a través do fondelo do viño na cunca.
- B. non atopou nada nos libros sobre a arte de adiviñar a través do fondelo do viño na cunca.
- C. ten moi claro o nome para denominar esta arte de lectura: caíñomancia.

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

TAREFA 3.^a DA COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

CONTEXTO. A continuación vostede vai escoitar un documental sobre **unha aplicación que permitirá predecir as pragas na vides** emitida na RTVG.

TAREFA. Encha os ocios do texto co que se escoita no documento sonoro (máximo 3 palabras), como no exemplo 0.

PUNTUACIÓN: 0,5 puntos cada ítem. Total:...../5.

As pragas son un dos problemas máis graves aos que se enfrenta o mundo do viño. Ser capaz de **0 prevelas e tratallas** ✓ a tempo permitiría salvar moitas colleitas. A Estación de

1 [redacted] de Galicia traballa no desenvolvemento dunha aplicación móbil que 2 [redacted], coñecer en tempo real os riscos que existen nos seus viñedos e os 3 [redacted] que deben dar.

Adiantarse aos danos que pode sufrir o viñado para atallalos a tempo e así poder salvar a colleita. É unha vella demanda do sector do viño que 4 [redacted], en forma de aplicación móbil. Que o viticultor teña unha ferramenta, ao seu dispor que lle permita tomar decisións sobre cando dar, pois... e un a ...a, cando, e, ...facer unha 5 [redacted], e incluso cando é o mellor momento para facer unha poda, para 6 [redacted].

A aplicación, que aínda está en fase de deseño, permitirá predicir, por exemplo, o 7 [redacted], como o mildio ou oídio nas distintas zonas das cinco denominacións de orixe. Datos de MeteoGalicia xunto con ademais datos de técnicos de campo que 8 [redacted] sobre, pois todo o ciclo vital da vide, no momento, e o estado, e..., fenolóxico en cada momento da vide. Evidentemente, con eses dous grandes fontes de datos, e..., vai a funcionar ese modelo predictivo.

Axudará a unha xestión máis sostible tanto dende o punto de vista medioambiental como económico. E saber exactamente cando tes que aplicar ou non un fitosanitario... pois esto se vai a traducir nunha redución dos custos 9 [redacted]. Evidentemente se reduce esa cantidade de aplicacións e polo tanto o medio ambiente pois non se ve tan prexudicado.

Trinta e cinco adegas das distintas denominacións participan 10 [redacted]. A aplicación, que será gratuíta, comezará a funcionar de xeito experimental o ano que vén baixo o nome de FITOVIT.

CHAVE DE RESPOSTAS

TAREFA 1	A Guerra das Galaxias/ 8 puntos
-----------------	------------------------------	------------------------

0	As tropas imperiais desfilarán na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.	F	
1	Os organizadores decidiron facer o desfile sobre todo porque ese ano non se celebraba o xubileu e porque se cumprían 30 anos da Guerra das Galaxias.	F	
2	O director do filme, George Lucas, ficou abraiado coa idea de organizar o desfile en Santiago de Compostela.	V	
3	Os participantes resolveron fabricar eles mesmos as armaduras e traxes por non os atopar á venda facilmente.	F	
4	A maioría dos materiais empregados na elaboración do disfrace si que se atopan doadamente en calquera ferraxaría.	V	
5	As armas dos participantes no desfile aseméllanse moito ás orixinais dos personaxes do filme.	V	
6	Un grupo de soldados imperiais acompañado duns gaiteiros interpretará o himno galego pola zona vella da cidade.	F	
7	A inscrición é de balde para os personaxes inspirados nos filmes da Guerra das Galaxias.	V	
8	Os uniformes de oficial imperial son máis sinxelos de facer.	V	

0. Os homes que entran na taberna ...

A. piden catro cuncas de viño, desas tan comúns que hai hogano.

B. piden catro cuncas de viño albariño.

C. piden catro cuncas que son quen de albergar medio litro de viño.

1. Os bebedores de viño métenlle uns tacos de xamón polo medio para ...

A. que non lles faga mal no estómago.

B. matar a fame que tiñan.

C. non lle facer un feo ao camareiro que llelos trouxo.

2. Despois de beberen e comeren ...

A. paráronse a falar sobre o estado das tabernas na actualidade.

B. xogaron e falaron de cousas do ánimo e da razón.

C. parrafearon de cousas sen importancia.

3. Mirando o fondo de cadansúa cunca danse conta de que ...

A. Calín e Xusto tiñan unha rosa e os outros dous unha flor máxica.

B. Calín e Xusto tiñan unha rosa e os outros dous non tiñan ningunha.

C. Calín tiña unha rosa, Xusto tiña outra, que se parecía a un rosetón, e os outros dous, unha flor máxica.

4. O señor que se lles achega a interpretar o fondelo da cunca di que ...

A. o feito de aparecer a rosa adoita presaxiar sempre algo favorable.

B. se non aparece, nunca lles vai ocorrer nada importante, nin bo nin malo.

C. o feito de aparecer a rosa non ten por que ser síntoma de boa sorte e o de non aparecer é que pasará algo importante proximamente.

5. O home que interpreta os fondelos das cuncas prognostícalles que ...

A. Calín terá problemas cos ósos e que Xusto recibirá cartos.

B. Calín terá un problema de osamenta e que Xusto terá que ingresar cartos.

C. Calín terá un problema de osamenta e que Xusto lle terá que dar cartos aos outros tres.

6. O home que interpreta os fondelos das cuncas, ante as risas dos que o escoitan, ...

A. non se dá por ofendido e convídaos a outros viños.

B. agora, a segunda vez, non se ofende como a primeira vez que se riron del.

C. non se ofende e toma algo con eles.

7. Despois daquel suceso, o narrador ...

A. investigou arreo sobre mancias e non atopou nada sobre a arte de adiviñar a través do fondelo do viño na cunca.

B. non atopou nada nos libros sobre a arte de adiviñar a través do fondelo do viño na cunca.

C. ten moi claro o nome para denominar esta arte de lectura: caíñomancia.

TAREFA 3	Aplicación que permitirá predecir as pragas na vides/ 5 puntos
-----------------	---	------------------------

0	<i>prevelas e tratalas</i>
1	Viticultura e Enoloxía
2	permitirá aos viticultores
3	tratamentos fitosanitarios
4	comeza a materializarse
5	aplicación dun fitosanitario
6	facer unha esfolla
7	risco de pragas
8	van a fornecer
9	desa explotación
10	xa neste proxecto

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

P
R
U
E
B
A

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE** / **OFICIAL**:

Grupo / Profesor:

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **40 minutos**.
- Debe escribir con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 10

CONVOCATORIA OCTUBRE 2020

Reciclaxe: estas son as accións que melloran o futuro do mundo

Reciclar os envases e residuos de plástico, vidro, papel ou metal permite reaproveitar os materiais e, ademais, aforra auga e enerxía.

Dar unha segunda vida aos envases e produtos do día a día é un xesto sinxelo que diminúe o consumo de novos recursos, a contaminación do aire e da auga ou o gasto de enerxía. O obxectivo en Europa é que, para 2025, se recicle un mínimo do 65 % de todos os residuos de envases.

A parte teórica da reciclaxe témola cada ano un pouco máis interiorizada e integrada nos nosos hábitos diarios, aínda que queda moito por facer: o colector azul para papel e cartón, o amarelo para os envases, o verde para o vidro e o orgánico no marrón. Pero que ocorre despois de botalo ao colector de reciclaxe? Dunha botella reciclada pódese extraer outra exactamente igual, que manteña as propiedades orixinais. E, ademais, pódese reciclar infinitas veces.

Este proceso iníciase cando os envases se depositan no seu correspondente colector: o iglú verde. Despois, centos de camións recollen eses residuos e lévanos a unha planta de reciclaxe, onde se separan, se limpan e se trituren en pequenos fragmentos para despois fundilos e volver producir envases. O ciclo de transformación dos envases de plástico é similar.

A elaboración de produtos a partir de elementos reciclados achega moitos máis beneficios ambientais que se se producisen desde cero. Non só se aforra en nova materia prima, senón tamén en auga e enerxía, diminuíndo a pegada ambiental de fabricalo. A isto debemos sumar que certos materiais, como o vidro, poden ser reciclados de forma ilimitada sen perder calidade, polo que o aforro de recursos e enerxía multiplícase. Así, en lugar de favorecer un modelo de consumo baseado en usar e tirar, foméntase un modelo máis sustentable: a economía circular.

Texto tirado da revista *Eroski Consumer*, 5/03/2020

PRODUCCIÓN Y COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

R
U
E
B
A

Apellidos:

Nombre:

DNI / NIE:

Señale lo que corresponda:

Alumno/a **LIBRE / OFICIAL**:

Grupo Profesor:

D
E

C
E
R
T
I
F
I
C
A
C
I
Ó
N

INSTRUCCIONES PARA LA REALIZACIÓN DE ESTA ACTIVIDAD

- Duración: **60 minutos**.
- Debe realizar **LAS DOS** tareas.
- Escriba a continuación de los enunciados (ver reverso), **indicando el número de tarea**.
- Debe escribir con **bolígrafo azul o negro**.
- Apague su **teléfono móvil**.
- Al finalizar, entregue **todas las hojas** utilizadas.

PUNTUACIÓN TOTAL : / 20

TAREFA DE PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CONTEXTO. Aínda que o tabaco e o alcol son de consumo legal no noso país, sabido é que, en exceso, estas substancias ocasionan graves riscos no organismo. Porén, ás veces esta información non está ao alcance da poboación máis vulnerable, como é a mocidade.

TAREFA. Escriba un artigo, para unha revista escolar, no que no que advirta das posibles consecuencias do consumo de tabaco e alcol na saúde humana e, polo mesmo, debe desaconsellar a súa adquisición.

NÚMERO DE PALABRAS. 200 palabras (+/- 20 liñas)

PUNTUACIÓN. 10 puntos

TAREFA DE COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

CONTEXTO Vostede acaba de recibir o seguinte correo electrónico da súa irmá:

De: evasanz@enviado.com

Para: elvirasanz@recibido.com

Asunto: Lucía

Bo día, Elvi,

Que tal, como vos encontrades? Nós imos regular. Verás, estamos moi preocupados pola túa sobriña. Lucía, como sabes, está agora nunha etapa difícil. A adolescencia non é doada para ninguén. Ultimamente cambiou moito, xa non quere falar con nós, nunca está de bo humor e, ademais, perdeu todo o interese polos estudos. Case sempre chega tarde á casa e os seus amigos de agora non nos gustan nada.

A verdade é que non sabemos que facer. Como ti xa pasaches por isto cos teus fillos, lembrámonos de que quizais podías darnos algúns consellos. Verdadeiramente, non sabemos como actuar. Agardamos a túa resposta; estamos seguros de que esta nos vai poder axudar.

Un bico,

Eva

TAREFA: Respóndalle, con outro correo electrónico, tratando as seguintes cuestións:

- Como viviu vostede unha circunstancia semellante cos seus fillos.
- Posibles medidas que se poden adoptar.
- Hipóteses sobre o rumbo que pode tomar esta situación.

NÚMERO DE PALABRAS. 130 palabras (+/- 13 liñas)

PUNTUACIÓN. 10 puntos



PRUEBA DE CERTIFICACIÓN – BLOQUE B

MEDIACIÓN DE TEXTOS ORALES

CONTEXTO: Vostede está moi interesado/a en mellorar os seus hábitos alimenticios e anda a procurar información en diferentes revistas.

TAREFA: Resuma o seguinte artigo para explicarllo a un amigo seu.

Advertencias sobre o mercurio e o consumo de peixe

O mercurio é un elemento químico que forma parte da natureza. É dicir, sempre estivo presente na nosa contorna de maneira natural. O problema é que esa presenza aumentou de modo notable nas últimas décadas debido á acción humana. A minaría, a industria ou a queima de combustibles fósiles, entre outras actividades, incrementaron os niveis de mercurio nos mares e, por extensión, nas especies mariñas.

O mercurio pode adoptar distintas formas. Dúas delas son as que preocupan as autoridades sanitarias: o mercurio inorgánico e o metilmercurio. Ambas as substancias son tóxicas, aínda que teñen efectos distintos.

- O mercurio inorgánico afecta sobre todo os riles, pero tamén pode facelo ao fígado, ao sistema nervioso, ao sistema inmune e aos sistemas reprodutores e do desenvolvemento.
- O metilmercurio afecta o sistema nervioso central en desenvolvemento. Ademais, pode favorecer o aumento de peso corporal e afectar á función locomotora e a auditiva.

O mercurio está presente nos animais mariños de consumo habitual, como o marisco, o polbo, os crustáceos ou o peixe, pero concéntrase particularmente nos exemplares máis grandes dos peixes azuis.

O Ministerio de Sanidade lembra, ademais, que o consumo de peixe ten efectos beneficiosos para a saúde, posto que é unha fonte de proteínas. En canto á seguridade do seu consumo, Sanidade subliña que “na lexislación alimentaria europea existen límites máximos de mercurio que son de obrigado cumprimento e que, controlados polas autoridades sanitarias, garanten un consumo seguro de alimentos pola poboación”.

Texto adaptado de *Eroski Consumer*, 07/11/2019



PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (MONÓLOGO)

CONTEXTO: Estas dúas fotografías mostran dúas zonas de residencia diferentes.

TAREFA: Trate os seguintes puntos:

- Cal das dúas prefire? Por que?
- Cales son os hábitos e costumes da xente de cada lugar?
- Cales son as vantaxes e os inconvenientes de cada lugar?

Compare, contraste e xustifique a súa opinión.





COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORALES (DIÁLOGO)

ENUNCIADO CANDIDATO A

CONTEXTO: Acaban de derrubar a discoteca da vila á que vostede e o/a seu/súa colega acudían regularmente. O alcalde terá unha xuntanza con vostedes para recoller as súas opinións ao respecto. Reúnense antes para falar do tema.

TAREFA: Co/a seu/súa colega traten de chegar a un acordo sobre que se debería construír no lugar no que estaba a discoteca. Velaí algunhas suxestións:

- Un balneario
- Unha casa da cultura



ENUNCIADO CANDIDATO B

CONTEXTO: Acaban de derrubar a discoteca da vila á que vostede e o/a seu/súa colega acudían regularmente. O alcalde terá unha xuntanza con vostedes para recoller as súas opinións ao respecto. Reúnense antes para falar do tema.

TAREFA: Co/a seu/súa colega traten de chegar a un acordo sobre que se debería construír no lugar no que estaba a discoteca. Velaí algunhas suxestións:

- Un asilo
- Un pavillón deportivo

